



Tesgalicia
Rexistro de Saída
Nº R.S.T.039-19
Data: 15/07/2019

Comunicado de condena polas recentes agresións a Técnicos en Emerxencias Sanitarias

En Galicia, a 15 de xullo de 2019

O pasado luns día 1 foi agredido (polo familiar do paciente que estaban trasladando), un Técnico en Emerxencias Sanitarias do 061, diante da porta de urxencias do hospital Povisa de Vigo.

Este sábado 13, foron agredidos (tamén por varios familiares da paciente que estaban atendendo), dous Técnicos en Emerxencias Sanitarias da cidade de Pontevedra, nun servizo realizado na parroquia de Xustáns, no concello de Ponte Caldelas. Estes dous Técnicos, acabaron marchando coa paciente para o hospital, despois de atendela “entre agresión e agresión”, tras esperar en vano por axuda das Forzas de Orde Público (FOP) máis de 20 minutos, axuda reclamada ata en catro ocasións ...

Posteriormente, un dos Técnicos tivo que ser atendido nun PAC, sendo remitido de urxencia ao hospital, para realizar probas complementarias de importancia.

Dobremente conscientes (tanto como traballadores do servizo como por ser tamén potenciais usuarios do mesmo), da tremenda precariedade que teñen que padecer os cidadáns de gran parte de Galicia que precisen da asistencia urxente dunha ambulancia do 061, estamos observando como nos últimos tempos os Técnicos en Emerxencias Sanitarias temos que “pagar” as consecuencias da precariedade deste servizo urxente en Galicia, dando a cara diante dos pacientes e familiares, e que desgraciadamente deciden “soltar” contra nós toda a súa ira e desesperación ante a tardanza das ambulancias, en vez de deixarnos traballar e atender aos pacientes (e familiares seus), en vez de queixarse e denunciar a quen realmente ten a culpa da precariedade neste servizo; do descontrol e da falta de filtro axeitado na Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias do 061; da falta de educación á poboación, á que se lle “vende” e regala unha “asistencia inmediata na porta do seu domicilio” para calquera patoloxía, por moi banal e absurda que sexa ...

Consideramos que a Consellería de Sanidade, o SERGAS e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, poden ser responsables do aumento das agresións que estamos padecendo, agresións tanto verbais como físicas que non podemos cuantificar con detalle, xa que non existe control nin rexistro oficial algún sobre elas. Quizais se pense que disimulando ou escondendo o problema, pode dar a impresión de que non existe () ...



Dende esta Asociación Profesional de Técnicos en Emerxencias, levamos anos solicitándolle aos responsables deste servizo sanitario urxente e esencial, que se poña en marcha un protocolo de actuación de acordo coas FOP de toda Galicia, xa que vimos observando que, dependendo da provincia ou concello no que nos atopemos, podemos non ter axuda das FOP. Porque cada equipo policial, traballa á súa maneira, decidindo segundo as circunstancias, como tratarán en cada ocasión a solicitude de auxilio que nós lle facemos ao 061; que á súa vez lle solicita ao 112, que llo transmite ao equipo policial de cada zona ..., problema que ademais se complica ante a falta de efectivos policiais, principalmente en concellos pequenos e nas zonas rurais a cargo dos escasos membros da Garda Civil.

Ante o que acabamos de relatar, vimos de solicitar unha reunión coa dirección da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUS-061) para que nos reciba con carácter urxente co fin de tratar os seguintes temas:

- Agresións cada vez máis frecuentes aos TES no desempeño do seu traballo.
- Posta en marcha de protocolos claros e consensuados entre os responsables da Administración pública sanitaria, a FPUS-061 e todas as FOP de Galicia. Non se pode seguir demorando este tema. É absolutamente prioritario para o noso colectivo.
- Solicitude, diante dos responsables da Administración Pública, da necesidade de que tamén se nos considere Autoridade Pública. Por ser persoal sanitario de empresas privadas traballando para a Administración Pública e polo tanto non ser Funcionarios das Administracións Públicas, non podemos estar abandonados á nosa sorte, como Sanitarios de terceira clase, con obrigas e responsabilidades, pero sen a protección necesaria que a Administración para a que traballamos non queira valorar.

Tamén volveremos a explicarlles aos grupos políticos do Parlamento de Galicia esta problemática.

Por último, solicitamos a todos/as Técnicos en Emerxencias Sanitarias que sexan vítimas de calquera tipo de agresión, o denuncien sempre: diante da autoridade xudicial/Policia/Garda Civil; na empresa; ante os representantes dos traballadores e mesmo ante esta Asociación Profesional, para ter constancia e poder exercer as accións necesarias ante as Administracións Públicas e onde corresponda.

A Xunta Directiva de TESSGALICIA.

www.tesgalicia.info

correo@tesgalicia.info